

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

10240 *Lei 7/2018, do 20 de xullo, de modificación da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

A fin de mellorar a aplicación das políticas de loita contra as especies exóticas invasoras, o Goberno aprobou o Real decreto 630/2013, do 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras, que viña solucionar o Real decreto de 2011, do 14 de novembro, do mesmo nome, que tiña demostrado grandes problemas de aplicabilidade e que fora obxecto de recursos por parte de varias comunidades autónomas e dalgúns sectores afectados, que foron obxecto de dous autos do Tribunal Supremo e da promulgación dun acordo de Consello de Ministros que anulaba diversos artigos, disposicións e o anexo II do real decreto e acordaba iniciar o procedemento para a súa modificación.

A modificación cumpriu co obxectivo de dar seguranza xurídica ás actividades relacionadas coas especies exóticas invasoras como a caza e a pesca deportiva, solucionando os problemas de aplicación que a normativa anterior provocara.

Posteriormente, como consecuencia do recurso de varias organizacións non gobernamentais, o Tribunal Supremo ditou a sentenza n.º 637/2016, do 16 de marzo, que modificou a lista de especies catalogadas e anulou varias disposicións do Real decreto 630/2013.

A sentenza do Tribunal Supremo xerou unha gran preocupación polos seus efectos económicos e sociais xa que, ademais de implicar a prohibición xenérica de posesión, transporte, tráfico e comercio de exemplares vivos de varias especies que son obxecto de aproveitamento piscícola ou cinexético, supuxo a imposibilidade de practicar a caza e a pesca deportivas das especies catalogadas, salvo no marco de campañas de control e erradicación. Isto supuxo un impacto económico negativo para os municipios rurais en que estas actividades deportivas, turísticas e de lecer se levan a cabo. Tamén dificultou ou imposibilitou actividades comerciais e introduciu dúbidas sobre o réxime dalgunhas explotacións industriais que utilizan especies catalogadas para a alimentación, como a troita arco da vella ou o cangrexo vermello.

Trátase dun asunto especialmente sensible para as comunidades autónomas, como administracións directamente responsables da xestión destas especies e da regulación da actividade cinexética e piscícola.

É, por tanto, preciso encontrar unha solución que compatibilice a protección do ambiente, de conformidade coa sentenza do Tribunal Supremo, coa actividade e co emprego dos sectores cinexético e piscícola, tendo en conta o disposto no Regulamento 1143/2014, do 22 de outubro, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre a prevención e a xestión da introdución e propagación de especies exóticas invasoras, en cuxa aprobación participou activamente España, polo que se deben valorar, nas actuacións que se seguirán, as especies que proporcionan beneficios sociais e económicos.

Preténdese tamén establecer un marco para que as comunidades autónomas poidan exercer as súas competencias de xestión na materia e dotar de seguranza xurídica os sectores.

Esta modificación da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, ten por obxecto compatibilizar a imprescindible loita contra as especies exóticas invasoras co seu aproveitamento para a caza e a pesca naquelas áreas en que, ao estaren ocupadas desde antigo, a súa presenza non supoña un problema ambiental.

A modificación incorpora unha definición dos recursos zootenéticos, xa que este concepto, a pesar de mencionarse na disposición adicional terceira da Lei 42/2007 e no Real decreto 630/2013, non fora incluído no artigo 3 da lei que regula as definicións, o que creaba unha certa inseguranza xurídica.

Na modificación da lei seguirase considerando que as especies exóticas invasoras para as cales exista suficiente información científica deberán ser catalogadas, pero permitirase que naquelas áreas ocupadas antes de 2007, ano en que se promulgou a primeira regulación desta materia, se poderán utilizar todas as modalidades de caza e pesca para o seu control ou erradicación. Polo contrario, fóra desas áreas queda prohibido o aproveitamento de pesca ou caza deportivas, como forma de desincentivar as soltas ilegais que se seguiron producindo.

A modificación da lei tamén regula a acuicultura, de acordo co Regulamento 708/2007 do Consello, do 11 de xuño de 2007, sobre o uso das especies exóticas e as especies localmente ausentes na acuicultura. Por outra parte, e a fin de diminuír a presión de pesca sobre os tramos con troita autóctona, poderase permitir a solta de troitas arco da vella en tramos concretos e con plenas garantías de que as súas poboacións non se poderán asentar, xa que só se permitirá soltar exemplares sen ningunha capacidade reprodutiva.

Finalmente, habilítase un mecanismo excepcional para que a Comisión Estatal de Patrimonio Natural e da Biodiversidade poida acordar, en casos excepcionais e nos supostos con regulación específica, cando exista un interese público de primeira orde, a suspensión do procedemento de catalogación dunha especie ou promover a descatalogación dunha especie previamente catalogada.

Artigo único. *Modificación da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.*

A Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase a alínea b) e inclúese unha nova alínea l) no artigo 2, que terán a seguinte redacción:

«b) A conservación e restauración da biodiversidade e da xeodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. As medidas que se adopten para ese fin terán en conta as exixencias económicas, sociais e culturais, así como as particularidades rexionais e locais.»

«l) O mantemento e a adaptación das poboacións de todas as especies de aves que viven normalmente en estado salvaxe nun nivel que corresponda en particular ás exixencias ecolóxicas, científicas e culturais, tendo en conta as exixencias económicas e recreativas.»

Dous. Engádense os seguintes números ao artigo 3, coa seguinte redacción:

«22 bis. Introducción: refírese ao movemento por acción humana, voluntaria ou accidental, dunha especie fóra da súa área de distribución natural. Este movemento pódese realizar dentro dun país, ou entre países ou zonas fóra da xurisdición nacional.

29 bis. Recursos zootenéticos para a agricultura e a alimentación: aquelas especies de animais que se utilizan, ou se poden utilizar, para a produción de alimentos, a agricultura, a gandaría ou a alimentación e que sexan declaradas como

tal, mediante orde, polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente ou que teñan recoñecida esa consideración por convenios ou organismos internacionais de carácter oficial.

29 ter. Especie naturalizada: especie exótica establecida no ecosistema con carácter permanente, introducida legalmente antes da entrada en vigor da presente lei, e respecto da cal non existan indicios nin evidencias de efectos significativos no medio natural en que habita, e presente, ademais, un especial interese, social ou económico.

42. Solta: liberación de exemplares de especies no medio natural.»

Tres. Modifícase o número 2 e engádese un novo número 5 bis ao artigo 54, coa seguinte redacción:

«2. A Administración xeral do Estado prohibirá a importación ou introdución en todo o territorio nacional de especies ou subespecies alóctonas cando estas sexan susceptibles de competir coas especies silvestres autóctonas, alterar a súa pureza xenética ou os equilibrios ecolóxicos.»

«5 bis. Queda prohibida a solta non autorizada de exemplares de especies alóctonas e autóctonas de fauna, ou de animais domésticos, no medio natural.»

Catro. Modifícase o número 60.1, que queda redactado da seguinte forma:

«1. A Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, por proposta da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, e logo de informe do Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, aprobará as estratexias de conservación de especies ameazadas presentes en máis dunha comunidade autónoma, ou aquelas outras que resultan chave para o funcionamento dos ecosistemas presentes en máis dunha comunidade autónoma, e as estratexias de loita contra as principais ameazas para a biodiversidade, dando prioridade ás que afecten maior número de especies incluídas no Catálogo español de especies ameazadas. Estas estratexias ou, ao menos, unha indicación de que foron aprobadas, publicarase no *Boletín Oficial del Estado*, con remisión á sede electrónica en que se achar publicado o seu contido completo.

Estas estratexias, que constituirán o marco orientativo dos plans de recuperación e conservación, incluírán, ao menos, un diagnóstico da situación e das principais ameazas para as especies, e as accións que se emprenderán para a súa recuperación.»

Cinco. O artigo 64 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 64. *Catálogo español de especies exóticas invasoras.*

1. Créase o Catálogo español de especies exóticas invasoras, cuxa estrutura e funcionamento se establecerá regulamentariamente e no cal se incluírán, cando exista información técnica ou científica que así o aconselle, todas aquelas especies e subespecies exóticas invasoras que constitúan unha ameaza grave para as especies autóctonas, os hábitats ou os ecosistemas, a agronomía ou para os recursos económicos asociados ao uso do patrimonio natural.

O dito catálogo dependerá do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, con carácter administrativo e ámbito estatal.

2. A inclusión ou exclusión dunha especie no Catálogo español de especies exóticas invasoras levaraa a cabo o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, por proposta da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, logo de iniciativa das comunidades autónomas ou do propio ministerio, cando exista información técnica ou científica que así o aconselle.

Calquera cidadán ou organización poderá solicitar a iniciación do procedemento de inclusión ou exclusión dunha especie ou subespecie, xuntando á correspondente solicitude unha argumentación científica da medida proposta.

3. Nos supostos con regulación específica, en especial na lexislación de montes, caza, agricultura, sanidade e saúde pública, pesca continental e pesca marítima, en casos excepcionais, por motivos imperiosos de interese público, incluídos os de natureza social e económica, a Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade poderá acordar de oficio, por instancia das comunidades autónomas ou de parte interesada, mediante decisión motivada e pública, a suspensión do procedemento de catalogación dunha especie ou promover a descatalogación dunha especie previamente catalogada. Esta suspensión ou descatalogación poderase realizar mediante a súa declaración como especie naturalizada.

4. A Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade aprobará, por proposta das comunidades autónomas e logo de audiencia aos colectivos e entidades con interese lexítimo, a lista das especies naturalizadas e os ámbitos concretos destas, para a suspensión da catalogación ou descatalogación da especie incluída no Catálogo de especies exóticas invasoras, debidamente xustificado por razóns de índole social e económica. Así mesmo, deberá quedar probada de forma que faga fe a presenza desas especies nos ámbitos seleccionados, antes da entrada en vigor da presente lei.

5. A inclusión no Catálogo español de especies exóticas invasoras leva consigo a prohibición xenérica de posesión, transporte, tráfico e comercio de exemplares vivos, dos seus restos ou propágulos que poidan sobrevivir ou reproducirse, incluíndo o comercio exterior. Esta prohibición poderá quedar sen efecto, logo de autorización administrativa da autoridade competente, cando sexa necesario por razóns de investigación, saúde ou seguranza das persoas, ou con fins de control ou erradicación, no marco de estratexias, plans e campañas que, para tal efecto, se aproben e tendo en conta a relevancia dos aspectos sociais e/ou económicos da actividade afectada.

En casos excepcionais debidamente xustificadas, por outros motivos imperiosos de interese público, incluídos os de natureza social ou económica, a Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade poderá deixar sen efecto, mediante acordo, algunhas prohibicións do parágrafo anterior para unha determinada especie catalogada. O acordo incorporará as garantías necesarias para asegurar que non producirán efectos negativos sobre a biodiversidade autóctona.

As estratexias, plans e campañas de control ou erradicación das especies deberán contar con accións indicadoras e un programa de seguimento que permita avaliar a súa eficacia.

6. As administracións competentes levarán a cabo un seguimento das especies exóticas con potencial invasor, en especial daquelas que demostraron ese carácter noutros países ou rexións, co fin de propor, chegado o caso, a súa inclusión no Catálogo español de especies exóticas invasoras.

7. O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e as comunidades autónomas, no marco da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, elaborarán estratexias que conteñan as directrices de xestión, control ou posible erradicación das especies do Catálogo español de especies exóticas invasoras, outorgando prioridade a aquelas especies que supoñan un maior risco para a conservación da fauna, flora ou hábitats autóctonos ameazados, con particular atención á biodiversidade insular. A Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, por proposta da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, e logo de informe do Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, aprobará estas estratexias, que terán carácter orientativo. Estas estratexias ou, ao menos, unha indicación de que foron aprobadas, publicarase no *Boletín Oficial del Estado*, con remisión á sede electrónica en que se achar publicado o seu contido completo.

8. As comunidades autónomas, nos seus respectivos ámbitos territoriais, poderán establecer catálogos de especies exóticas invasoras e determinar as prohibicións e actuacións suplementarias que se consideren necesarias para o seu control ou erradicación. As comunidades autónomas poderán incluír nos seus propios catálogos especies que figuren na lista de especies naturalizadas ou tamén aquelas afectadas polo segundo parágrafo do número quinto deste artigo.

9. O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente aprobará as estratexias para as especies exóticas invasoras marifias.»

Seis. Engádesse o artigo 64 ter coa seguinte redacción:

«Artigo 64 ter. *Especies catalogadas como exóticas invasoras introducidas no medio natural con anterioridade á entrada en vigor da presente lei, obxecto de aproveitamento piscícola ou cinexético. Soltas coa especie troita arco da vella.*

1. Para evitar que as especies catalogadas obxecto de aproveitamento piscícola ou cinexético, introducidas no medio natural antes da entrada en vigor da presente lei, se estendan fóra dos límites das súas áreas de distribución anteriores a esa data, a súa xestión, control ou posible erradicación poderanse realizar, nesas áreas, a través da caza e da pesca, e en todas as súas modalidades, incluídas as reguladas polas federacións deportivas españolas de caza e de pesca, cando este obxectivo quede recollido nos instrumentos normativos de caza e pesca.

2. As comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla poderán utilizar os instrumentos de planificación e xestión en materia de caza e pesca para determinar as especies que, no seu ámbito territorial, se ven afectadas polo contido do número anterior. A posibilidade de caza e pesca quedará supeditada á aprobación, previa á aprobación dos primeiros instrumentos de planificación e xestión en materia de caza e pesca, da delimitación cartográfica da área ocupada polas ditas especies antes da entrada en vigor da presente lei, realizada pola Administración competente da comunidade autónoma e após a súa publicación no boletín oficial da comunidade autónoma. Esta delimitación deberase basear na información dispoñible en cada comunidade autónoma ou, na súa falta, na que figura no Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade proporcionada de forma oficial polas comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, en aplicación do número 1 do artigo 12 do Real decreto 556/2011, do 20 de abril, para o desenvolvemento do Inventario español do patrimonio natural e da biodiversidade.

3. Cando se detecte a presenza de exemplares de especies catalogadas obxecto de aproveitamento piscícola ou cinexético fóra das áreas de distribución mencionadas no número 2, non se poderá autorizar nesas zonas a súa caza ou pesca. Neste caso, as administracións competentes deberán proceder, na medida das súas posibilidades, ao control e posible erradicación destas especies mediante metodoloxías apropiadas.

4. A fin de restar presión de pesca ás poboacións da especie troita común (*Salmo trutta*), as comunidades autónomas poderán permitir, logo de autorización administrativa, as soltas coa especie troita arco da vella (*Oncorhynchus mykiss*) exclusivamente nas masas de auga en que estas soltas se autorizasen antes da entrada en vigor da presente lei. A relación destas augas deberana facer pública as comunidades e cidades autónomas. As soltas da especie troita arco da vella só se poderán realizar con exemplares criados en catividade, procedentes de cultivos monosexo e sometidos a tratamento de esterilidade.»

Sete. Engádesse o artigo 64 quáter coa seguinte redacción:

«Artigo 64 quáter. *Uso das especies exóticas e das especies localmente ausentes na acuicultura.*

A utilización de especies exóticas na acuicultura, incluídas as catalogadas como especies exóticas invasoras, rexerase polo disposto no Regulamento 708/2007 do Consello, do 11 de xuño de 2007, sobre o uso das especies exóticas e das especies localmente ausentes na acuicultura.»

Oito. Modifícase o número 65.3.e), que queda redactado nos seguintes termos:

«En relación coa actividade cinexética e acuícola, queda prohibida a solta non autorizada e a introdución de especies alóctonas. No caso de introducións ou soltas accidentais ou ilegais, non se poderá autorizar en ningún caso o seu aproveitamento cinexético ou piscícola e promoveranse as medidas apropiadas de control ou erradicación.»

Nove. Engádesse un número 80.1.g bis) coa seguinte redacción:

«g bis). A importación non autorizada de especies alóctonas e a solta, introdución ou liberación non autorizadas no medio natural de especies autóctonas ou alóctonas, ou de animais domésticos.»

Dez. Modifícase o artigo 80.2 coa seguinte redacción:

«2. As infraccións recollidas no número anterior cualificaranse do seguinte modo:

a) Como moi graves, as recollidas nas alíneas a), b), c), d), e), f), g), g bis) e t) se a valoración dos danos supera os 100.000 euros; e as recollidas nas alíneas b), k), n), t), u) e v), cando os beneficios obtidos superen os 100.000 euros; así como as recollidas en calquera das demais alíneas, se a valoración dos danos supera os 200.000 euros; e a reincidencia cando se cometa unha infracción grave do mesmo tipo que a que motivou unha sanción anterior, no prazo dos dous anos seguintes á notificación desta, sempre que a resolución sancionadora adquirise firmeza en vía administrativa.

b) Como graves, as recollidas nas alíneas a), b), c), d), e), f), g), g bis) h), i), j), k), l), m), n), o), t), u), v) e w) cando non teñan a consideración de moi graves; as recollidas nas alíneas p), q), r), s) e x), se a valoración dos danos supera os 100.000 euros; e a reincidencia cando se cometa unha infracción leve do mesmo tipo que a que motivou unha sanción anterior no prazo dos dous anos seguintes á notificación desta, sempre que a resolución sancionadora adquirise firmeza en vía administrativa.

c) Como leves, as recollidas nos números g bis), p), q), r), s) e x), se non tivesen producido danos ou a súa valoración non supera os 100.000 euros.»

Once. Suprímese a disposición transitoria segunda da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

Disposición transitoria primeira.

No prazo de cinco anos a partir da entrada en vigor desta lei deberán estar aprobadas e publicadas as estratexias que conteñan as directrices de control ou erradicación das especies do Catálogo español de especies exóticas invasoras, para o cal o Goberno habilitará os correspondentes recursos para o seu cofinanciamento no Fondo para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade.

Disposición transitoria segunda. *Especies catalogadas como exóticas invasoras introducidas antes da entrada en vigor da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.*

Até que se aproben os instrumentos normativos de planificación e xestión e a delimitación cartográfica da área ocupada polas especies catalogadas como exóticas invasoras introducidas antes da entrada en vigor da Lei 42/2007, do 13 de decembro, a que se refire o artigo 64 ter, número 2, as comunidades autónomas poderán autorizar a práctica da caza e da pesca, en zonas delimitadas, das especies que teñan relevancia social, e/ou económica, nas súas distintas modalidades, adoptando as debidas medidas tendentes á salvagarda do medio natural e do ecosistema onde se desenvolvan.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Por tanto, mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 20 de xullo de 2018.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN